

Martes, 4 de setembro as 22:30

Manquiña e Zahera con "Monólogos inocentes"

"Monólogos inocentes"; a crisis económica, a televisión e a ciencia, o amor e a familia. Todos os temas do noso tempo, tratados con humor e sarcasmo coa linguaxe descarada e intelixente de dous humoristas que non vos deixarán indiferentes. A vida de un, a mala vida do outro. O guapo e o feo, o bon e o malo...pero ¿quén é quén?

Humor ao borde do abismo, descarga emocional e alivio.

Texto e Dirección: Etiqueta Negra

Actores: Luís Manquiña e Manuel Zahera

Mércores, 5 de setembro as 22:30

ilMaquinario Teatro con "O home almofada"

O Home Almofada é unha peza que nos fala dun xeito trepidante, cruel e fundamente tenro da imposibilidade de manter a inocencia cando a violencia aparece nas nosas vidas. Fálanos tamén da necesidade humana de imaxinar ficcións, de contar historias como medio para a redención ou para a pura supervivencia en circunstancias límite, unha vía para combater a fugacidade e a brutalidade da vida; da creatividade como xeito de perdurar deixando unha forte pegada do noso paso polo mundo. O difícil é saber qué prezo estamos dispostos a pagar por ese afán de inmortalidade...

Texto: Martin McDonagh **Dirección:** Tito Asorey

Actores: Melania Cruz, Fernando González, Fran Lareu, Laura Miguez

ESTREA

Xoves, 6 de setembro as 22:30

Teatro de Ningures con "Atra Bile"

Nazaria, Daría e Aurora son tres irmás xa anciás que viviron toda a súa vida xuntas nunha gran casona dun pobo calquera. Esta noite de xoves están reunidas para velar o cadáver do marido de Nazaria, a única que casou, acompañadas da fiel criada de Nazaria, Ulpiana. E será ao redor deste velorio cando saian á luz as eternas querelas entre as irmás e eses segredos ocultos que permanecen alí, latexantes, durante cincuenta anos.

Texto: Laila Ripoll **Dirección:** Etelvino Vazquez

25º Aniversario

Actores: Sonia Rúa, Casilda Alfaro, Josi Lage, David Novas, Fran Paredes

Espectáculos de rúa na "pista roja", 19:00h.

Martes 4 - Representación de "O Galo Quirico"

Mércores 5 - Obradoiro de marionetas

Xoves 6 - Representación de "Polichinela"

Venres 7 - "A Casa do Rato" Dramatización de xogos populares

A cargo de Títeres Viravolta

Martes 4, mércores 5, xoves 6 e venres 7

de 11:00 a 14:00 e de 18:30 a 21:30 na Praza das Galiñas

Obradoiros de música e de malabarismo

Curso Maxistral de Teatro

Impartido polo Director teatral asturiano

Etelvino Vazquez

"O corpo desinhibido, un corpo a punto para actuar"

Venres, 7 de setembro as 22:30

PREMIOS FETEGA

Con **Sergio Pazos** e o seu espectáculo:

Sé galego my friend

Os galegos somos unhos seres moi curiosos. Vémolo todo dende unha óptica diferente e temos un humor moi especial.

Temos retranca, que tamén axuda.

Temos anuncios que nos contan cómo somos, como o do Gadis: "Vivamos como galegos".

Temos carallo, que nos vale para todo (e para o outro).

Tiñamos a Fraga, que tamén nos valía para todo.

Temos chistes de galegos.

Temos a Deus, que ben pudo nacer en Galicia, e se pode demostrar.

Temos Diputacios moi divertidas.

E temos a Sergio Pazos que nos conta que ata nos monólogos...os galegos somos distintos.

Por iso el berra: Sé galego, my friend, ó igual que Bruce Lee nos decía

Be water, my friend

Non deixes de ser galego e ven disfrutar de este espectáculo que conseguirá que os que non son galegos tamén queiran selo. Ou Non.



+ info: www.fetega.com